



Concello de Vilaboa

CONCURSO DE ALUMEADO DE NADAL DE VILABOA 2022

O Concello convoca este concurso dirixido a todos os veciños e veciñas co fin de avivar as tradicións de NADAL en Vilaboa.

BASES

1. Poderán participar todos aqueles que decoren fiestras, balcóns ou fachadas da súa vivenda, así como a aqueles barrios que de xeito conxunto leven a cabo os traballo propios da decoración de Nadal.

2. Para inscribirse: a través da Concellería de Cultura no correo info@vilaboa.org antes do día 10 de decembro. É imprescindible enviar unha foto, teléfono e enderezo da persoa participante.

3. Valoraranse os seguintes aspectos:

- ✚ Creatividade, orixinalidade, iluminación, espírito navideño.
- ✚ O emprego de materiais que permita levar a cabo unha decoración navideña orixinal e sostible.

4. A decoración deberá ser instalada antes do 10 de decembro e terá que manterse ata o día 6 de xaneiro.

5. Crearase un xurado formado por membros do Concello, que visitara entre o 10 e o 17 de decembro para elixir os ganadores.

6. Establécense tres primeiros premios:

1º Premio (CESTA NADAL) á creatividade, orixinalidade, iluminación, etc.

2º Premio (CESTA NADAL) á decoración sostible (valorando o uso de materias de reciclaxe e outros que poidan axudas á sustentabilidade e mellora do medio ambiente).

3º Premio (150 €) ao traballo colectivo (co cal entendemos se incentiva aínda mais se cabe o espírito navideño), neste caso buscamos a colaboración entre a veciñanza, premiando aqueles barrios ou lugares coa mellor decoración.

7. Os premios entregaranse antes do 23 de Decembro.

8. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

9. Para celebrarse deberá haber un mínimo de 15 participantes.

Concello de Vilaboa